



DATOS IDENTIFICATIVOS

Expresión sonora e estilos musicais

Materia	Expresión sonora e estilos musicais			
Código	P04G070V01404			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Correa Rodriguez, Bernardo			
Profesorado	Correa Rodriguez, Bernardo			
Correo-e	bernarcorra@mundo-r.com			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código				
A4	Coñecemento do uso das técnicas e as tecnoloxías audiovisuais en función das súas capacidades expresivas			
A8	Coñecemento e aplicación dos diferentes mecanismos e elementos da construción do guión atendendo a diferentes formatos, tecnoloxías e soportes de produción. Tamén se inclúe o coñecemento teórico e práctico das análises, sistematización e codificación de contidos icónicos e a información audiovisual en diferentes soportes e tecnoloxías			
A9	Coñecemento, identificación e aplicación de recursos, elementos, métodos e procedementos dos procesos de construción e análise dos relatos audiovisuais tanto lineais como non lineais			
A10	Coñecemento teórico-práctico e aplicación das tecnoloxías aos medios de comunicación audiovisuais (fotografía, radio, son, televisión, vídeo, cine, e soportes multimedia)			
A14	Coñecemento da planificación sonora e das representacións acústicas do espazo, así como os elementos constitutivos de deseño e a decoración sonora ([sound designer]) Estes coñecementos tamén envolverán a relación entre os sons e as imaxes desde o punto de vista estético e narrativo nos diferentes soportes e tecnoloxías audiovisuais. Tamén se inclúen os modelos psicolóxicos especificamente desenvolvidos para a comunicación sonora e a persuasión a través do son			
A20	Capacidade e habilidade para xerir técnicas e procesos de produción, rexistro e difusión na organización da produción radiofónica, discográfica e outros produtos sonoros			
A25	Capacidade para desenvolver medicións vinculadas coas cantidades e calidades do son durante o proceso de construción do audio, a partir do coñecemento teórico e práctico dos fundamentos científicos da acústica			
A27	Capacidade para analizar relatos audiovisuais, atendendo aos parámetros básicos da análise de obras audiovisuais, considerando as mensaxes icónicas como textos e produtos das condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada			
A33	Capacidade para buscar, seleccionar e sistematizar calquera tipo de documento audiovisual nunha base de datos, así como a súa utilización en diferentes soportes audiovisuais utilizando métodos dixitais			
A35	Capacidade para realizar a ordenación técnica dos materiais sonoros e visuais conforme a unha idea utilizando as técnicas narrativas e tecnolóxicas necesarias para a elaboración, composición, acabado e masterización de diferentes produtos audiovisuais e multimedia			
A36	Capacidade para deseñar e concibir a presentación estética e técnica da posta en escena a través das fontes de luz e acústicas naturais ou artificiais atendendo ás características creativas e expresivas que propón o director do proxecto audiovisual			
A37	Capacidade para gravar sinais sonoros desde calquera fonte sonora: acústica ou electrónica; dixital ou analóxica e de mesturar estes materiais cunha intención determinada tendo en conta os niveis, efectos e planos da mestura final masterizada			
A38	Capacidade para recrear o ambiente sonoro dunha produción audiovisual ou multimedia atendendo á intención do texto e da narración mediante a utilización de banda sonora, efectos sonoros e soundtrack			

A40	Habilidade para o uso adecuado de ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso audiovisual para que o alumnado se exprese a través de imaxes ou discursos audiovisuais coa calidade técnica imprescindible
A41	Habilidade para expoñer de forma adecuada os resultados dos traballos académicos de xeito oral ou por medios audiovisuais ou informáticos consonte os cánones das disciplinas da comunicación
A42	Capacidade para definir proxectos persoais de creación innovadora que poidan contribuír ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
A43	Capacidade para incorporarse e adaptarse a un equipo audiovisual profesional, facendo compatibles e mesmo sinérxicos os seus propios intereses particulares e os do proxecto colectivo no que se incorporou
A44	Capacidade para percibir criticamente a nova paisaxe visual e auditiva que ofrece o universo comunicativo que nos rodea, considerando as mensaxes icónicas como froito dunha sociedade determinada, produto das condicións sociopolíticas e culturais dunha época histórica determinada
A45	Capacidade para asumir o liderado en proxectos que requiran recursos humanos e de calquera outra natureza, xeríndoos eficientemente, asumindo os principios da responsabilidade social
B1	Capacidade de adaptación aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais
B2	Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común encamiñado á obtención de resultados
B3	Capacidade para asumir riscos: capacidade para asumir riscos expresivos e temáticos, aplicando solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
B4	Toma de decisións: capacidade para acertar ao elixir en situacións de incerteza, asumindo responsabilidades
B5	Práctica sistemática de autoavaliación crítica de resultados: valoración da importancia de corrixir e axustar constantemente os erros cometidos nos procesos creativos ou organizativos
B6	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de xeito ordenado adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
B7	Conciencia solidaria: respecto solidario polas diferentes persoas e pobos do planeta, polos valores universais de educación, cultura, paz e xustiza, e polos dereitos humanos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de mulleres e persoas con discapacidade
B8	Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender o fenómeno auditivo como medio de recepción da mensaxe sonora.	A10
Identificar os aspectos semióticos e semánticos dos elementos non musicais que conforman unha banda sonora	A8 A9 A14
Coñecer os recursos da voz como ferramenta ou servizo da expresión	A4 A14
Definir a noción de estilo musical utilizando para iso os elementos que o conforman	A27 A33
Relacionar a evolución dos diferntes estilos musicais coas circunstancias socioculturais de cada etapa histórica	A27
Coñecer os recursos da música como medio expresivo	A8 A9 A14
Comprender os mecanismos de interacción entre os diferentes elementos que compoñen a banda sonora e a imaxe á que acompaña	A9 A14
Distinguir as particularidades sonoras dun produto audiovisual con e sen imaxe asociada	A8 A9 A10
Recrear diferentes espazos sonoros	A10 A40
Crear e transmitir unha mensaxe mediante a voz, entendendo esta como un instrumento ao servizo da palabra	A8 A9 A14 A20
Realizar correctamente un rexistro sonoro en calquera dos soportes que a tecnoloxía pon á nosa disposición	A20 A25 A37

Proxectar e producir un discurso expresivo mediante elementos sonoros non musicais.	A8 A9 A14 A20 A33 A35 A36 A40 A41 A42	
Proxectar e producir un discurso expresivo utilizando como medio a música.	A8 A9 A14 A20 A33 A35 A36 A38 A40 A41 A42	
Estruturar, nun discurso audiovisual, los diferentes elementos sonoros: voz, efectos sonoros e música, dando a cada un deles a importancia relativa que, en cada momento, as necesidades expresivas do produto requiran	A9 A14 A36 A38 A40 A41 A42	
Elixir e utilizar co axeitado criterio, os recursos tecnolóxicos pertinentes, como ferramentas ao servizo da expresión.	A10 A20 A25 A37 A38 A40	
Adaptarse ao continuo cambio tecnolóxico e achegar novos enfoques expresivos ao tratamento da banda sonora dun produto audiovisual	A42 A44	B1 B3
Comprometerse ao cumprimento dos compromisos adquiridos na abordaxe dun proxecto pluripersonal	A43 A45	B2
Analizar e valorar de forma crítica as achegas que terceiros realizan aos diferentes proxectos nos que se participa, tanto se estes son individuais como en grupo	A45	B2 B5
Comprender a importancia dunha axeitada planificación de tempos, métodos e obxectivos, previa a ao desenvolvemento de todo proxecto audiovisual		B6
Asumir a responsabilidade organizativa e operativa seguindo as premisas que, na planificación previa, se estableceron e mantendo, en todo momento, unha axeitada coordinación cos demais elementos do proxecto.		B4 B6
Coñecer e asumir as particularidades socioculturais da sociedade galega nos seus aspectos sonoros, é dicir, nos ambitos idiomáticos, musicais e de paisaxe acústica	A44	B8
Respectar os demais membros dun colectivo de traballo no que se participa e non exercer ningún tipo discriminación, por razóns de sexo, relixión opinión ou aptitude física. Non promover actividades que inciten á violencia e á discriminación entre os diferentes colectivos.		B7

Contidos

Tema	
Física do son	A onda sonora: Frecuencia e lonxitude de onda. Amplitude. Presión, potencia e intensidade sonoras Definición de decibelio. Reflexión, refracción e difracción. Valores medibles dos sinais sonoros.
Sonido e escoita	O oído: descrición fisiolóxica do oído. Características do son: O mecanismo da audición: Principio de igual sonoridade. Curvas de Fletcher e Mundson. Ton. Timbre. Nivel sonoro Enmascaramento. Percepción espacial mediante o son. Espazo sonoro: punto de escoita; as tres escoitas: Escoita causal Escoita semántica Escoita reducida. Audición binaural. Percepción espacial do son

Ampliación de micrófonos

Micrófonos segundo as súas características de construción. Micrófonos segundo as súas características direccionais. Técnica microfónica en radio: Un só locutor. Programas de entrevistas e faladoiros. Dramáticos en radio. Técnicas microfónicas en imaxe: Informativos e programas de entrevistas. Programas de opinión e debates. Técnicas microfónicas para a audiencia. Dramáticos. Utilización da xirafa en dramáticos. Técnicas multimirrófonos en dramáticos: micrófonos inarámicos.

Introdución á produción de son	Procesado dos diferentes sinais: Ecuilibración; procesado dinámico do sinal de audio; Efectos aplicados ao sinal de audio. Localización de elementos sonoros no espazo estéreo. Diferentes formatos de audio espacial: 3D; son envolvente. Mestura e regravación: Mestura para radio: particularidades. Estacións de traballo dixitais de Audio. Elementos comúns a todas elas. Introdución ao Prol Tools. O audio nas estacións dixitais de edición de imaxe
Creación de un deseño de son	Definición. Partes de que consta. Planificación dunha montaxe sonora: do anterior a guión técnico. Estudo do guión. Adaptación a guión técnico
A voz	O mecanismo da voz: Descrición fisiolóxica. Características acústicas. División da voz humana segundo rango dinámico. A voz como elemento expresivo: Aspectos acústicos da voz. La prosodia: a melodía, o ritmo e a harmonía da palabra Relación voz imaxe: Sincronismo e asincronismo. Paralelismo e contrapunto La voz sen imaxe: o discurso radiofónico.
Registro da voz	Gravación da voz: Narración. Diálogos. Toma de diálogos durante a produción: Nunha pista. En multipista. A dobraxe: Toma de son en sala.
Efectos de son	Definición: Son contextual. Son narrativo. Función dos efectos de son. Función de espazo. Función de lugar. Función de creación de ambiente. Tratamento dos efectos de son durante a creación dunha banda sonora. Formas de sincronización da imaxe cos efectos de son. O silencio como elemento expresivo. Produción de efectos sonoros: Fontes de efectos pregravados :Librerías de son. Fontes de son directo: Tomas directas de son. Recreación de son en estudo: Técnica Foley. Fontes de son xerados electronicamente: Efectos de son sintetizados. Efectos de son xerados por ordenador.
Estilos musicais	Elementos que caracterizan a un estilo musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura As formas musicais. A primeira música escrita en occidente El renacemento. El Barroco. La época clásica. El Romanticismo. Músicas do século XX. O Jazz e os seus derivados. Músicas do mundo.
A música na montaxe sonora. Ambientación musica	Tendencias da música cinematográfica ao longo da historia: Os inicios La época clásica. El jazz e o cine. El rock e o cine Cine . sintetizadores. La música culta e o cine. Criterios establecidos ao longo da historia do cine. A música na banda sonora moderna. A función da música como medio expresivo Integración da música coa imaxe. A música e os demais elementos da banda sonora. Defectos máis comúns na elección de música para un audiovisual. A música na radio Particularidades técnico artísticas de cada produción audiovisual: Informativos. Documentais. Deportes. Dramáticos. Debuxos animados. Particularidades da radio

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Sesión maxistral	20	23	43
Traballos tutelados	4	4	8
Prácticas de laboratorio	10	2	12
Obradoiros	19	0	19
Estudo de casos/análises de situacións	4	2	6
Seminarios	6	4	10
Estudo de casos/análise de situacións	2	12	14
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	9	10
Traballos e proxectos	0.5	10	10.5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	5	5
Traballos e proxectos	0.5	10	10.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Consistirá no estudo teórico dos conceptos clave, cuxo coñecemento e comprensión se fan imprescindibles para a consecución dos obxectivos que nos marcamos nesta materia. Dividimos a materia en 6 grandes bloques: No primeiro bloque abordaremos os principios físicos do son e as particularidades da escoita humana. No segundo bloque ocupáremos do estudo da voz como órgano xerador de son e como instrumento transmisor dunha mensaxe. Tamén estudaremos os procedementos para realizar, procesar e rexistrar correctamente unha locución. No terceiro bloque estudaremos as claves narrativas e expresivas dos efectos sonoros, ademais do correcto xeito de rexistralos, procesalos e situalos nunha banda sonora. O cuarto bloque pretende abordar o estudo dos elementos que conforman un estilo musical e, deste xeito, a través da evolución daqueles ao longo do tempo, poder asociar unha obra musical a unha época e a un estilo. O quinto bloque é continuación do anterior e pretende esclarecer a achega narrativa e expresiva que a música fai á banda sonora. Estudaremos, neste bloque, a relación da música cos demais elementos dunha banda sonora e expoñeremos os rudimentos dunha gravación musical en estudo. O sexto bloque pódese considerar transversal xa que se irá desenvolvendo ao longo de todo o curso. Nel estudaremos os aspectos funcionais dos equipos necesarios para a recollida, rexistro e procesado de audio.
Traballos tutelados	Os alumnos realizarán o rexistro sonoro e de imaxe dun diálogo. Esta recollida realizarase en exteriores e nun espazo pechado. Ademais realizarán a toma de son ambiente necesaria para crear a banda sonora desta escena. Este labor será realizado en grupo e de forma autónoma, pero sempre baixo a supervisión do profesor, que achegará as indicacións necesarias para o correcto rexistro
Prácticas de laboratorio	Os alumnos realizarán a recreación dun espazo sonoro. Este traballo levarase a cabo nas estacións dixitais de procesado de audio con que conta a facultade.
Obradoiros	En obradoiro pretendemos que os alumnos poñan en práctica os conceptos expostos polo profesor no referente aos aspectos instrumentais da materia. Isto levarase a cabo mediante o procesado do audio recollido previamente, e de forma autónoma, polos alumnos. Tamén se realizará a locución ante un micrófono e o rexistro sonoro desta.
Estudo de casos/análises de situacións	Realízase a análise de determinados fragmentos, representativos, de varias bandas sonoras. Mediante este estudo poñeremos de manifesto os aspectos expresivos narrativos e formais de cada un dos elementos que as conforman
Seminarios	En seminario estudaremos algúns exemplos das principais formas musicais e, coa axuda dos equipos de procesado audiovisual de que dispón a facultade, trataremos de identificar os elementos que as conforman

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiros	Debido á máis que probable heteroxeneidade dos alumnos, se fai necesario un seguimento personalizado que se levará a cabo durante a execución dos diferentes obradoiros, seminarios e prácticas de laboratorio. Ademais utilizaranse tamén as horas de titoría e internet
Seminarios	Debido á máis que probable heteroxeneidade dos alumnos, se fai necesario un seguimento personalizado que se levará a cabo durante a execución dos diferentes obradoiros, seminarios e prácticas de laboratorio. Ademais utilizaranse tamén as horas de titoría e internet
Traballos tutelados	Debido á máis que probable heteroxeneidade dos alumnos, se fai necesario un seguimento personalizado que se levará a cabo durante a execución dos diferentes obradoiros, seminarios e prácticas de laboratorio. Ademais utilizaranse tamén as horas de titoría e internet
Prácticas de laboratorio	Debido á máis que probable heteroxeneidade dos alumnos, se fai necesario un seguimento personalizado que se levará a cabo durante a execución dos diferentes obradoiros, seminarios e prácticas de laboratorio. Ademais utilizaranse tamén as horas de titoría e internet
Sesión maxistral	Debido á máis que probable heteroxeneidade dos alumnos, se fai necesario un seguimento personalizado que se levará a cabo durante a execución dos diferentes obradoiros, seminarios e prácticas de laboratorio. Ademais utilizaranse tamén as horas de titoría e internet
Estudo de casos/análises de situacións	Debido á máis que probable heteroxeneidade dos alumnos, se fai necesario un seguimento personalizado que se levará a cabo durante a execución dos diferentes obradoiros, seminarios e prácticas de laboratorio. Ademais utilizaranse tamén as horas de titoría e internet

Avaliación		
	Descrición	Cualificación

Estudo de casos/análise de situacións	Consistirá na realización, por escrito, da análise de varios fragmentos de eventos audiovisuais. Esta análise consistirá na determinación dos aspectos narrativos, expresivos e funcionais dos mesmo	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	O alumno realizará a preproducción, dirección e locución dun micro programa radiofónico. Isto levarase a cabo no locutorio de radio. Para iso contará coa colaboración dun compañeiro/a que se encargará dos aspectos técnicos deste.	15
Traballos e proxectos	O alumno, de forma individual, realizará unha montaxe, no que inclúa todos os elementos dunha banda sonora: voz, efectos sonoros e música. Este traballo será realizado nas estacións de procesado de audio de que dispón a facultade. Na valoración do traballo teranse en conta, tanto os aspectos técnicos coma narrativos e expresivos	20
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Os alumnos, en equipo, levarán a cabo a preproducción e posterior produción en directo simulado, dun programa radiofónico de variedades que incluíra un informativo. Os distintos labores técnicos, narrativos e organizativos, repartiranse entre os participantes no grupo . A cualificación será a mesma para todos os membros do mesmo.	10
Traballos e proxectos	Os alumnos realizarán un traballo audiovisual, en formato documental, referente a Estilos musicais. Este traballo será realizado en grupo e valoraranse, tanto a información coma a calidade da execución técnica deste. Esta valoración será dun 50% para cada un dos aspectos	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os traballos terán unha orde de execución e iranse realizando a medida que avance o curso. A orde será o seguinte:

- 1º traballo individual en radio
- 2º traballo en grupo en radio
- 3º traballo individual en estación de procesado de audio
- 4º traballo audiovisual sobre estilos musicais
- 5º estudo de casos audiovisuais

Será necesario realizar todos os traballos para superar a materia,

Será imprescindible aprobar o traballo sobre Estilos musicais e a análise de casos audiovisuais para superar a materia

Os traballos terán unha data improrrogable de entrega. Fóra desta, consideraranse non entregados nesta convocatoria e quedarán para a seguinte.

Serán excepcións, aqueles traballos cuxa realización se vexa impedida debido a imponderables de tipo funcional, ou de paradas na actividade docente por causas de forza maior.

En caso de enfermidade do alumno ou outras circunstancias similares, estudarase cada caso e tomaranse as decisións que corresponda en cada circunstancia.

En calquera caso os traballos realizados se valorarán e, a súa cualificación en caso de ser positiva, manterase para a segunda convocatoria aínda que a materia non fose superada na súa totalidade.

Bibliografía. Fontes de información

ALTEN, S.: □ El manual del audio en los medios de comunicación □ . Andoain, Escuela de cine y video, 1994

RECUERO LÓPEZ, M.: □ Técnicas de grabación sonora I y II □. IORTV

CHION MICHEL : □ La audiovisión □ .Ed Paidós.

BENNET ROY: □ Investigando los estilos musicales □. ED. AKAL

GERTRUDIS BARRIO MANUEL. □ Música narración y medios audiovisuales. Ed Laberinto.

RODERO ANTÓN Emma □ Locución radiofónica □

ALCALDE JESÚS □ Música y comunicación : puntos de encuentro básicos

LABRADA JERÓNIMO □ El Sentido del sonido : la expresión sonora en el medio audiovisual □ Publicación Barcelona : Alba, 2009

RODRIGUEZ ANGEL: □ La dimensión sonora del lenguaje audiovisual □. Ed Piados.

LAURENTE JULLIER □ El Sonido en el cine : imagen y sonido - un matrimonio de conveniencia, puesta en escena-sonorización,

la revolución digital □

COPLAND AARÓN: □Como escuchar la música□. Ed Fondo de cultura económica

DIGI DESIGN □ Guia de usuario de Pro Tools

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Guión, produción e realización de programas de ficción/P04G070V01602

Guión, produción e realización para televisión/P04G070V01502

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G070V01203

Comunicación radiofónica/P04G070V01202
